

**INSTRUCCIÓN
INTERNAS
REGULADORAS
DOS
PROCEDIMIENTOS
DE CONTRATACIÓN
CELEBRADOS POR
XESTUR**

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	
CAPÍTULO I. PRINCIPIOS BÁSICOS DA CONTRATACIÓN	
Artigo 1. Principios de igualdade e transparencia	
Artigo 2. Confidencialidade.....	
CAPITULO II. PUBLICIDADE DA CONTRATACIÓN.....	
Artículo 3. Anuncio previo.....	
Artículo 4. Convocatoria de licitacións.....	
Artículo 5. Prazo de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.....	
CAPITULO III. PROPOSICIÓN DE LOS LICITADORES.....	
Artículo 6. Proposicións dos interesados	
Artículo 7. Presentación da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos	
Artículo 8. Admisibilidade de variantes o melloras.....	
Artículo 9. Subasta electrónica.....	
CAPITULO IV. VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓN.....	
Artículo 10. Criterios de valoración das ofertas	
Artículo 11. Clasificación das ofertas e adxudicación provisional e definitiva do contrato.	
Artículo 12. Renuncia á celebración do contrato e desistimiento do procedemento de adxudicación	
CAPÍTULO V. PROCEDIMENTOS DE ADXUDICACIÓN	
Sección Primera. Principios xerais	
Artículo 13. Procedimentos de adxudicación.	
Artículo 14. Adxudicación directa de determinados contratos	
Sección Segunda. Procedimiento aberto	
Artículo 15. Concepto.....	
Artículo 16. Prazos para a presentación de proposicións	

Artículo 17. Exame das proposicións e proposta de adxudicación.....	
Sección Segunda. Procedimento Restringido.....	
Artículo 18. Concepto.....	
Artículo 19. Criterios para a selección de candidatos.....	
Artículo 20. Selección de candidatos.....	
Artículo 21. Adxudicación.....	
Sección Tercera. Procedimento negociado.....	
Artículo 22. Concepto.....	
Artículo 23. Anuncio de licitación por procedimento negociado.....	
Artículo 24. Negociación dos términos do contrato.....	
Artículo 25. Adxudicación.....	
Sección Cuarta. Dialogo Competitivo.....	
Artículo 26. Concepto.....	
Artículo 27. Apertura do procedemento e solicitudes de participación.....	
Artículo 28. Diálogo cos candidatos.....	
Artículo 29. Presentación de ofertas e adxudicación do contrato.....	
CAPITULO V. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.....	
Artículo 30. Formalización do contrato.....	
CAPÍTULO VI. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN EN CONCURSOS DE PROXECTOS.....	
Artículo 31. Ámbito de aplicación.....	
Artículo 32. Bases do concurso.....	
Artículo 33. Decisión do concurso.....	
CAPÍTULO VII. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS SUBVENCIONADOS.....	
Artículo 34. Concepto de contrato subvencionado.....	
Artículo 35. Especialidades en la adxudicación.....	

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a perspectiva da contratación pública, XESTUR, en canto sociedade anónima de ámbito provincial participado nun 57,36% da súa capital polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, por un 35,92% pola Comunidade Autónoma de Galicia e o 6,71% restante pola Deputación Provincial constituída para a xestión material das competencias do Instituto Galego da Vivenda e Solo, aparece configurada como un suxeito integrante do sector público que non ten o carácter de Administración Pública en virtude dos artigos 3.1.d) e 3.2 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, pero que debe configurarse como un poder adxudicador ao ser creada para satisfacer finalidades que non teñen carácter industrial ou mercantil, nos termos do artigo 3.3.b). Dende esta perspectiva, o artigo 175 da Lei 30/2007, impón a esta Sociedade Mercantil Pública a redacción dunhas Instrucións Internas que regulen os procedementos de adxudicación dos contratos sometidos ao seu ámbito obxectivo, esixindo o artigo 121.2 da Lei 30/2007 a elaboración en cada contrato de contía superior a 50.000 € dun prego en que se establezan as características básicas do contrato, o réxime de admisión de variantes, as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e as garantías que deberán constituír no seu caso os licitadores ou o adxudicatario, formando os devanditos pregos parte do contrato

4

A finalidade destas Instrucións radica en asegurar efectivamente que a adxudicación de tales contratos se realice conforme aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, e recaia sobre a oferta economicamente máis vantaxosa. Ademais de ser de obrigado cumprimento no ámbito interno da XESTUR, tales Instrucións deben ser postas a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adxudicación e publicarse no perfil de contratante.

CAPÍTULO I. PRINCIPIOS BÁSICOS DA CONTRATACIÓN

Artigo 1. Principios de igualdade e transparencia

XESTUR axustará a súa actuación en materia de contratación ao principio de transparencia, outorgando os licitadores e candidatos en todo caso un tratamento igualitario e non discriminatorio.

Artigo 2. Confidencialidade.

1. XESTUR non poderá poñer a disposición de terceiros ou divulgar por calquera medio a información facilitada polos licitadores e candidatos que estes designaran como confidencial nas súas ofertas e, fundamentalmente, os seus segredos técnicos ou comerciais e os seus aspectos confidenciais.

2. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

5

CAPITULO II. PUBLICIDADE DA CONTRATACIÓN

Artigo 3. Anuncio previo.

1. XESTUR poderá publicar un anuncio de información previa co fin de dar a coñecer, en relación cos contratos de obras, subministracións e servizos que teñan proxectado adxudicar nos doce meses seguintes. No devandito anuncio previo incluíranse os seguintes datos:

a) No caso dos contratos de obras, as características esenciais de aqueles se o valor estimado é igual ou superior a 5.278.000 €.

b) No caso dos contratos de subministración, o seu valor total considerado, analizado por grupos de produtos referidos a partidas do «Vocabulario Común dos Contratos Públicos» (CPV), se o valor total é igual ou superior a 750.000 €.

c) No caso dos contratos de servizos, se o valor total estimado é igual ou superior a 750.000 €

2. Os anuncios previos publicaranse no perfil de contratante dispoñible na dirección institucional da XESTUR, comunicándose cando resulte procedente pola contía e con carácter previo á Comisión Europea e ao «Boletín Oficial do Estado» por medios electrónicos, facéndose constar no anuncio previo a data en que se enviara esta comunicación.

6

Artigo 4. Convocatoria de licitacións.

1. Os procedementos para a adxudicación de contratos por parte de XESTUR , publicarásen no perfil do contratante do órgano de contratación dispoñible na dirección institucional de internet da XESTUR, de forma que quede acreditado o momento de inicio da difusión pública da información que se inclua no mesmo. Asemade, poderásen publicar en calquera dos diarios oficiais ou na prensa.

2. Os Pregos, de condicións e, no seu caso, de prescricións técnicas, así como calquera documentación adicional, serán accesibles na dirección institucional de internet de XESTUR.

Artigo 5. Prazo de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.

1. XESTUR fixará en cada caso o prazo de recepción das ofertas e solicitudes de participación. Para determinar o devandito prazo o órgano de contratación ponderará o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato, e as necesidades de XESTUR

CAPITULO III. PROPOSICIÓN DOS LICITADORES

Artigo 6. Proposición dos interesados

1. As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de condicións:

2. Toda proposición será secreta, quedando garantido tal carácter por XESTUR. O devandito carácter secreto non obstará a que por XESTUR se facilite información a cada licitador cando se adopte como formula de adxudicación a poxa electrónica ou o diálogo competitivo.

3. Cada licitador poderá presentar en cada procedemento selectivo unha única proposición, xa sexa a título individual xa sexa formando parte dunha unión temporal con outros licitadores, non admitíndose no caso contrario ningunha das proposicións presentadas. A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas suporá a exclusión do procedemento de adxudicación, a todos os efectos, das ofertas formuladas.

Terán o carácter dunha única proposición aquelas que conteñan variantes ou melloras, cando as mesmas sexan admitidas polo Prego de Condicións, ou aquelas nas que se verifique unha presentación de novos prezos ou valores no seo dunha poxa electrónica.

4. Na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido.

5. A presentación dunha proposición implica a aceptación expresa e incondicionada polo licitador da totalidade das cláusulas que a compoñen, sen salvidade ou reserva ningunha.

6. Se durante a tramitación dun procedemento e antes da adxudicación producíse a extinción da personalidade xurídica do licitador ou candidato, ben sexa por fusión, escisión ben pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederalle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, os resultantes da fusión, as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

8

Artigo 7. Presentación da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos

1. As proposicións no procedemento aberto e as solicitudes de participación nos procedementos restrinxido e negociado e no diálogo competitivo deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación.

b) Os que acrediten a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar estar en posesión da clasificación esixida con anterioridade á adxudicación do contrato.

c) Unha declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar co sector público.

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario ao favor do cal se vaia efectuar esta.

d) Para as empresas estranxeiras, unha declaración expresa e formalizada notarialmente de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

e) Calquera outros documentos esixidos polo prego de condicións

9

2. Cando a acreditación das circunstancias mencionadas nas letras a) e b) do apartado anterior realícese mediante a certificación do REXISTRO de licitadores da XUNTA, do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, ou mediante un certificado comunitario de clasificación conforme, deberá acompañarse a esta unha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento en que se formalice o contrato, sen prexuízo de que XESTUR poida, se o estima conveniente, efectuar unha consulta en tales Rexistros.

Os certificados de clasificación poderán ser expedidos electronicamente. Se os pregos ou o anuncio do contrato así preveno, a incorporación do certificado ao procedemento poderá efectuarse de oficio por XESTUR solicitándoo directamente ao correspondente Rexistro Oficial, sen prexuízo de que os licitadores deban presentar en todo caso a declaración responsable indicada no parágrafo anterior.

Artigo 8. Admisibilidade de variantes ou melloras

1. Cando na adxudicación se haxan de ter en conta criterios distintos do prezo, o Prego de Condicións poderá prever expresamente a admisibilidade de variantes ou melloras formuladas polos licitadores, sempre que o prego de Condicións expresamente tal posibilidade.

2. A admisibilidade de variantes ou melloras indicárase no anuncio de licitación do contrato precisando sobre qué elementos e en qué condicións queda autorizada a súa presentación.

Artigo 9. Poxa electrónica

1. Para os efectos da adxudicación do contrato poderá celebrarse unha poxa electrónica, articulada como un proceso iterativo, que ten lugar tras unha primeira avaliación completa das ofertas, para a presentación de melloras nos prezos ou de novos valores relativos a determinados elementos das ofertas que as melloren no seu conxunto, baseado nun dispositivo electrónico que permita a súa clasificación a través de métodos de avaliación automáticos.

2. A poxa electrónica poderá empregarse nos procedementos abertos, nos restrinxidos. Así mesmo poderá utilizarse nos procedementos negociados cando nun previo procedemento aberto ou restrinxido as proposicións presentadas polos licitadores sexan consideradas irregulares ou inaceptables.

En todo caso a poxa electrónica só poderá utilizarse cando o contrato presente unhas especificacións que poidan establecerse de xeito preciso e concreto e as prestacións que constitúan o seu obxecto non teñan carácter intelectual.

3. A poxa electrónica basearase en variacións referidas ao prezo ou a valores dos elementos da oferta que sexan cuantificables e susceptibles de ser expresados en cifras ou porcentaxes.

4. Cando XESTUR opte como medio de selección do contratista pola poxa electrónica especificarao no anuncio de licitación, incluíndo no devandito suposto obrigatoriamente no prego de condicións a seguinte información:

- a) Os elementos aos valores dos cales se refira a poxa electrónica;
- b) no seu caso, os límites dos valores que poderán presentarse, tal como resulten das especificacións do obxecto do contrato;
- c) a información que se porá a disposición dos licitadores durante a poxa electrónica e o momento en que se facilitará;
- d) a forma en que se desenvolverá a poxa;
- e) as condicións en que os licitadores poderán puxar, e en particular as melloras mínimas que se esixirán, se é o caso, para cada poxa;
- f) o dispositivo electrónico utilizado e as modalidades e especificacións técnicas de conexión.

5. Antes de proceder á poxa electrónica, XESTUR efectuará unha primeira avaliación completa das ofertas de conformidade cos criterios de adxudicación e a continuación invitará simultaneamente, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, a todos os licitadores que presentaran ofertas admisibles a que presenten novos prezos revisados á baixa ou novos valores que melloren a oferta. O devandito convite incluírá toda a información pertinente para a conexión individual ao dispositivo electrónico utilizado e precisará a data e a hora de comezo da poxa electrónica. Igualmente indicárase nela a fórmula matemática que se utilizará para a reclasificación automática das ofertas en función dos novos prezos ou dos novos valores que se presenten. Esta fórmula incorporará a ponderación de todos os criterios fixados para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa no seu conxunto, tal como se indicara no anuncio de licitación ou no prego, para o cal, as eventuais bandas de valores deberán expresarse previamente cun valor determinado. En caso de

que se autorice a presentación de variantes ou melloras, proporcionaranse fórmulas distintas para cada unha, se iso é procedente.

Cando para a adxudicación do contrato se deban ter en conta unha pluralidade de criterios, acompañarase ao convite o resultado da avaliación da oferta presentada polo licitador.

7. Entre a data de envío dos convites e o comezo da poxa electrónica haberán de transcorrer, polo menos, dous días hábiles.

8. A poxa pecharase na data e hora concretas indicadas no convite a participar na poxa.

CAPITULO IV. VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

12

Artigo 10. Criterios de valoración das ofertas

1. A valoración por XESTUR das proposicións e a determinación da oferta que resulta economicamente máis vantaxosa no seu conxunto fundamentarase nos criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato que se establezan no Prego de Condicións

2. Os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato determinarase en cada caso por XESTUR, detallándose nos pregos de condicións e recolléndose no perfil do contratante dispoñible na dirección de internet de XESTUR.

3. Se o Prego de condicións adopta un único criterio de adxudicación, este necesariamente deberá ser o do prezo máis baixo. Cando se establezan varios criterios de valoración, XESTUR precisará no Prego de condicións a ponderación relativa atribuída a cada un deles, fixada ben mediante unha porcentaxe determinada e única, ben mediante unha franxa de valores. Se por

razóns debidamente xustificadas non resulta posible ponderar os criterios elixidos, estes enumeraranse por orde decrecente de importancia.

Artigo 11. Clasificación das ofertas e adxudicación provisional e definitiva do contrato

1. XESTUR clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo ao criterio ou criterios de valoración establecidos no Prego de condicións , podendo solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

A proposta de adxudicación formulada polo órgano competente para a valoración das proposicións non crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte a XESTUR. Non obstante, cando non se adxudique provisionalmente o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivarse a devandita decisión.

2. O órgano de contratación XESTUR adxudicará provisionalmente o contrato ao licitador que presentara a oferta que resulte economicamente máis vantaxosa no seu conxunto, ponderados todos os criterios establecidos no Prego. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

3. A adxudicación provisional notificarase ao licitador adxudicatario e publicarase no perfil de contratante de XESTUR, servindo de notificación a todos aqueles licitadores que non resultaran adxudicatarios.

4. O adxudicatario provisional terá un prazo máximo de 15 días hábiles días, salvo que o Prego de Condicións estableza un prazo distinto, para presentar a documentación xustificativa de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e aquela acreditativa de todos os extremos esixidos polo Prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, así como prestar a garantía que corresponda. Recibida e verificada a devandita documentación, XESTUR elevará a definitiva a adxudicación provisional.

5. Se no prazo fixado non se eleva a definitiva a adxudicación provisional por causas imputables ao licitador, XESTUR poderá efectuar, se o estima conveniente, unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que quedaran clasificadas as súas ofertas, concedéndose un prazo máximo de 10 días hábiles, salvo que o Prego de Condicións estableza un prazo distinto, aplicándose no demais as regras previstas no parágrafo precedente.

6. A adxudicación definitiva será obxecto de publicación no perfil do contratante dispoñible na dirección de internet de XESTUR

Artigo 12. Renuncia á celebración do contrato e desistimiento do procedemento de adxudicación

1. XESTUR poderá, con anterioridade á adxudicación provisional, desistir do procedemento de contratación cando se aprecie de forma motivada que neste se incorreu nunha infracción non subsandable das normas de preparación do contrato, das reguladoras do procedemento de adxudicación, ou do resto do ordenamento xurídico.

2. XESTUR poderá, con anterioridade á adxudicación provisional, renunciar á celebración do contrato cando o interese público non esixa a execución da prestación obxecto deste.

14

CAPÍTULO V. PROCEDEMENTOS DE ADXUDICACIÓN

Sección Primeira. Principios xerais

Artigo 13. Procedementos de adxudicación.

1. A adxudicación de contratos pola XESTUR realizarase, con carácter ordinario, mediante o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido,

optándose por un e outro de forma xustificada en atención ás circunstancias concurrentes.

2. Poderase recorrer ao procedemento negociado nos seguintes supostos:

a) Cando as proposicións ou ofertas económicas nos procedementos abertos, restrinxidos ou de diálogo competitivo seguidos previamente sexan irregulares ou inaceptables por presentarse por empresarios carentes de aptitude, por incumprimento nas ofertas das obrigas legais relativas á fiscalidade, protección do medio e condicións de traballo, por infrinxir as condicións para a presentación de variantes ou melloras, ou por incluír valores anormais ou desproporcionados, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato.

b) En casos excepcionais, cando se trate de contratos nos que, por razón das súas características ou dos riscos que entrañen, non poida determinarse previamente o prezo global.

c) Cando, tras seguirse un procedemento aberto ou restrinxido, non se presente ningunha oferta ou candidatura, ou as ofertas non sexan adecuadas, sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente.

d) Cando, por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado.

e) Cando, tratándose dun contrato de obras, concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Cando as obras se realicen unicamente con fins de investigación, experimentación ou perfeccionamento e non co obxecto de obter unha rendibilidade ou de cubrir os custos de investigación ou de desenvolvemento.

- Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato pero que debido a unha circunstancia imprevista pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e a execución da cal confíese ao contratista da obra principal de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, se fixen contraditoriamente, sempre que as obras non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por 100 do prezo primitivo do contrato.

- Cando as obras consistan na repetición doutras similares adxudicadas por procedemento aberto ou restrinxido ao mesmo contratista por XESTUR e a posibilidade de facer uso deste procedemento estea indicada no anuncio de licitación do contrato inicial, e o importe das novas obras computárase ao fixar a contía total do contrato.

- En todo caso, cando o seu valor estimado sexa inferior a 1.000.000 €.

d) Cando, tratándose dun contrato de subministración, concorran as seguintes circunstancias:

- Cando os produtos se fabriquen exclusivamente para fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento

- Cando se trate de entregas complementarias efectuadas polo provedor inicial que constitúan ben unha reposición parcial de subministracións ou instalacións de uso corrente, ou ben unha ampliación das subministracións ou instalacións existentes, se o

cambio de proveedor obrigase a adquirir material con características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e de mantemento desproporcionadas.

- Cando se trate dunha subministración concertado en condicións especialmente vantaxosas cun proveedor que cese definitivamente nas súas actividades comerciais, ou cos administradores dun concurso, ou a través dun acordo xudicial ou un procedemento da mesma natureza.

- En todo caso, cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 €.

e) Cando, tratándose dun contrato de servizos, concorran as seguintes circunstancias:

- Cando debido ás características da prestación, especialmente nos contratos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual non sexa posible establecer as súas condicións coa precisión necesaria para adxudicalo por procedemento aberto ou restrinxido.

- Cando se trate de servizos complementarios que non figuren no proxecto nin no contrato pero que debido a unha circunstancia imprevista pasen a ser necesarios para executar o servizo tal e como estaba descrito no proxecto ou no contrato sen modificalo, e a execución da cal confíese ao empresario ao que se adxudicou o contrato principal de acordo cos prezos que rexan para este ou que, no seu caso, se fixen contraditoriamente, sempre que os servizos non poidan separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarios para o seu perfeccionamento e que o importe acumulado dos servizos

complementarios non supere o 50 por 100 do prezo primitivo do contrato.

- Cando os servizos consistan na repetición doutros similares adxudicados por procedemento aberto ou restrinxido ao mesmo contratista por XESTUR, sempre que se axusten a un proxecto base que fora obxecto do contrato inicial adxudicado polos devanditos procedementos, que a posibilidade de facer uso deste procedemento estea indicada no anuncio de licitación do contrato inicial e que o importe dos novos servizos se computara ao fixar a contía total do contrato. - En todo caso, cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 €.

3. A adxudicación do contrato a través de o dialogo competitivo terá lugar cando o contrato sexa particularmente complexo, non permitindo a utilización do procedemento aberto ou do restrinxido unha axeitada valoración das necesidades de XESTUR e da oferta que resulte máis vantaxosa.

18

Artigo 14. Adxudicación directa de determinados contratos

Os contratos de obras o importe das cales sexa inferior a 50.000 € e os contratos de subministración e servizo o importe do cal sexa inferior a 18.000 € serán adxudicados directamente por XESTUR a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Artigo 15. Concepto.

No procedemento aberto calquera empresario interesado que reúna os requisitos de capacidade e solvencia poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, sen prexuízo da admisibilidade de variantes na súa proposición cando o prevexa o Prego de condicións.

Artigo 16. Prazos para a presentación de proposicións

O prazo de presentación de proposicións será o establecido no Prego de Condicións, non podendo ser en ningún caso inferior a 10 días , contados dende a publicación do anuncio do contrato no perfil de contratante

Artigo 17. Exame das proposicións e proposta de adxudicación

1. O órgano competente para a valoración das proposicións de XESTUR cualificarán a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de cada licitador, que deberá presentarse en sobre distinto ao que conteña a proposición, e unha vez constatado a súa corrección procederá á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación órgano de contratación de XESTUR a teor da ponderación dos criterios de valoración fixados polo Prego de Condicións

2. A apertura da oferta económica realizarase en acto público, salvo cando se prevea que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

19

3. Cando para a valoración das proposicións se haxan de ter en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para a valoración das proposicións de XESTUR poderán solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos se consideren precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

Sección Segunda. Procedemento restrinxido

Artigo 18. Concepto

No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios que, reunindo os requisitos de capacidade e solvencia, logo de presentación da súa solicitude e en atención ao seu especial grao de solvencia sexan seleccionados por XESTUR. Neste procedemento estará prohibida toda

negociación dos termos do contrato cos solicitantes ou candidatos, sen prexuízo da admisibilidade de variantes na súa proposición cando o prevexa o Prego de Condicións

Artigo 19. Criterios para a selección de candidatos

1. Os criterios conforme aos cales se seleccionará os candidatos deberán de atender criterios non discriminatorios e baseados nas necesidades derivadas do obxecto do contrato.

2. O número mínimo de empresarios aos que se invitará a participar no procedemento restrinxido será de cinco, non podendo superar o número máximo de 10 empresarios aos que se invitará a presentar oferta.

3.-Os criterios e o número de candidatos serán obxecto de publicación no no perfil do contratante.

20

Artigo 20. Selección de candidatos.

1. As solicitudes de participación deberán ser presentadas no prazo establecido no Prego de Condicións, que en ningún caso poderá ser inferior a 10 días contados dende a publicación do anuncio.

As solicitudes de participación deberán ir acompañadas da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos polo empresario.

2. Unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, XESTUR seleccionará, de entre as solicitudes de participación que cumpran os requisitos esixidos, aos candidatos entre os que adxudicará o contrato, invitándoos, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións no prazo fixado polo Prego de Condicións, que en ningún caso poderá ser inferior 10 días computados dende a notificación do convite.

3. Os convites conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción de ofertas, a dirección á que deban enviarse e a lingua en que deban estar redactadas, se se admite algunha outra ademais do castelán e o galego. Igualmente, o convite incluirá un exemplar do prego de condicións e, no seu caso, copia da documentación complementaria ou conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso a estes documentos dende o perfil do contratante.

Artigo 21. Adxudicación

Na adxudicación do contrato á oferta máis vantaxosa será de aplicación o previsto no artigo 17 da presente Instrución.

Sección Terceira. Procedemento negociado

21

Artigo 22. Concepto

1. No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido por XESTUR, tras efectuar consultas con polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles.

2. No Pregos de Condicións, se resultase preceptivo, determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, haxan de ser obxecto de negociación coas empresas.

Artigo 23. Anuncio de licitación por procedemento negociado

1. Os criterios conforme aos cales se seleccionará os candidatos deberán de atender criterios non discriminatorios e baseados nas necesidades derivadas do obxecto do contrato.

2. Os criterios de selección e o número de candidatos serán obxecto de publicación no perfil do contratante.

Artigo 24. Negociación dos termos do contrato

1. O procedemento negociado poderá articularse en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de ofertas a negociar mediante a aplicación dos criterios de adxudicación sinalados no anuncio de licitación ou no Prego de Condicións, indicándose nestes se se vai facer uso desta facultade. O número de solucións que cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que se presentaran un número suficiente de solucións ou de candidatos axeitados.

2. XESTUR negociará cos licitadores as ofertas que estes presentaran para adaptalas aos requisitos indicados no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio de licitación, no seu caso, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

22

4. No expediente deberá deixarse constancia dos convites cursados, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Artigo 25. Adxudicación

Na adxudicación do contrato á oferta máis vantaxosa será de aplicación, no que proceda, o previsto no artigo 17 das presentes Instrucións.

Sección Cuarta. Dialogo Competitivo

Artigo 26. Concepto

1. No diálogo competitivo, XESTUR dirixe un diálogo cos candidatos seleccionados, logo de solicitude destes.

2. O número mínimo de empresas ás que se invitará a tomar parte no diálogo será de tres e non poderá ser superior a 10.

Artigo 27. Apertura do procedemento e solicitudes de participación

1. XESTUR publicará no perfil do contratante un anuncio de licitación no que dará a coñecer as súas necesidades e requisitos, que definirán no devandito anuncio.

2. Os criterios conforme aos cales se seleccionará os candidatos deberán de atender criterios non discriminatorios e baseados nas necesidades derivadas do obxecto do contrato.

3. Os convites a tomar parte no diálogo conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data e o lugar de inicio da fase de consulta, a lingua ou linguas utilizables, se se admite algunha outra, ademais do castelán e o galego, os documentos relativos ás condicións de aptitude que, no seu caso, se deban achegar, e a ponderación relativa dos criterios de adxudicación do contrato ou, no seu caso, a orde decrecente de importancia dos devanditos criterios, se non figurasen no anuncio de licitación.

23

Artigo 28. Diálogo cos candidatos

1. XESTUR desenvolverá, cos candidatos seleccionados, un diálogo o fin da cal determinar será e o fin da cal definir os medios axeitados para satisfacer as súas necesidades. No transcurso deste diálogo, poderán debaterse todos os aspectos do contrato cos candidatos seleccionados.

2. XESTUR non revelará aos demais participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que este lles comunique sen previo acordo deste.

3. O procedemento poderá articularse en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de solucións a examinar durante a fase de diálogo mediante a aplicación dos criterios indicados no anuncio de licitación, indicándose nestes se se vai facer uso desta posibilidade. O número de solucións que se examinen na fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva entre elas, sempre que se presentaran un número suficiente de solucións ou de candidatos axeitados.

4. XESTUR proseguirá o diálogo ata que se atope en condicións de determinar, despois de comparalas, se é preciso, as solucións que poidan responder ás súas necesidades.

5. Tras declarar pechado o diálogo e informar diso a todos os participantes, XESTUR invitaralles a que presenten a súa oferta final, baseada na solución ou solucións presentadas e especificadas durante a fase de diálogo, indicando a data límite, a dirección á que deba enviarse e a lingua ou linguas en que poidan estar redactadas, se se admite algunha outra ademais do castelán e o galego.

24

Artigo 29. Presentación de ofertas e adxudicación do contrato

1. As ofertas deben incluír todos os elementos requiridos e necesarios para a realización do proxecto.

XESTUR poderá solicitar precisiones ou aclaracións sobre as ofertas presentadas, axustes nas mesmas ou información complementaria relativa a elas, sempre que iso non supoña unha modificación dos seus elementos fundamentais que implique unha variación que poida falsear a competencia ou ter un efecto discriminatorio.

2. XESTUR avaliará as ofertas presentadas polos licitadores en función dos criterios de adxudicación establecidos no anuncio de licitación ou no documento descritivo e seleccionará a oferta economicamente máis vantaxosa. Para esta valoración haberán de tomar en consideración, necesariamente, varios criterios, sen que sexa posible adxudicar o contrato unicamente baseándose no prezo ofertado.

CAPITULO V. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Artigo 30. Formalización do contrato

1. No prazo de 10 días computados dende a notificación ao adxudicadorio definitivo do contrato, salvo que o prego de condicións fixe un distinto, deberá procederse á subscripción do contrato entre este e XESTUR, debendo ser elevado a escritura pública, no seu caso, no prazo de 10 días con cargo ao contratista.

2. Se no prazo estipulado non se procede á formalización do contrato por causas imputables ao contratista, XESTUR poderá acordar a súa resolución, así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso constituíse.

3. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa logo de formalización, salvo que concorran circunstancias acreditadas de urxencia ou emerxencia.

CAPÍTULO VI. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EN CONCURSOS DE PROXECTOS

Artigo 31. Ámbito de aplicación

1. Son concursos de proxectos os procedementos encamiñados á obtención de instrumentos de planificación ou de proxectos, principalmente nos

campos da arquitectura, o urbanismo, a enxeñaría, a ordenación do territorio e o medio, e o procesamento de datos, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, encoméndase a un xurado.

2. As normas do presente capítulo aplicaranse aos concursos de proxectos organizados no marco dun procedemento de adxudicación dun contrato de servizos.

Artigo 32. Bases do concurso

1. As normas relativas á organización dun concurso de proxectos responderanse a criterios obxectivos e non discriminatorios vinculados ao contido do instrumento de planificación ou ao proxecto obxecto do contrato.

2. As Bases serán obxecto de publicación no perfil do contratante de XESTUR. Asemade, poderáse publicar en calquera dos diarios oficiais ou na prensa.

26

Artigo 33. Decisión do concurso

1. O xurado estará composto por un mínimo de tres persoas físicas independentes dos participantes no concurso de proxectos. En todo caso, un dos membros do xurado será o Director Xerente de XESTUR ou persoa en quen aquel delegue.

2. Cando se esixa unha cualificación profesional específica para participar nun concurso de proxectos, polo menos un terzo dos membros do xurado deberá posuír a devandita cualificación ou outra equivalente.

3. O xurado adoptará as súas decisións ou ditames con total independencia, sobre a base de proxectos que lle serán presentados de forma anónima, e atendendo unicamente aos criterios indicados no anuncio de celebración do concurso.

4. O xurado terá autonomía na elaboración da súa proposta de adxudicación.

5. O xurado fará constar nun informe, asinado polos seus membros, a clasificación dos proxectos, tendo en conta os méritos de cada proxecto, xunto coas súas observacións e calquera aspectos que requiran aclaración.

6. Deberá respectarse o anonimato ata que o xurado emita a súa proposta de adxudicación.

7. De ser necesario, poderá invitarse aos participantes a que respondan a preguntas que o xurado incluíra na acta para aclarar calquera aspecto dos proxectos, debendo levantarse unha acta completa do diálogo entre os membros do xurado e os participantes.

8. A proposta de adxudicación e o informe especificado no ordinal 5 anterior serán elevados a XESTUR, quen procederá a adxudicar o contrato, motivando no seu caso a decisión de apartarse da proposta de adxudicación do xurado.

27

CAPÍTULO VII. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS SUBVENCIONADOS

Artigo 34. Concepto de contrato subvencionado

1. Os contratos de obras e os contratos de servizos adxudicados por XESTUR, nos termos previstos polos artigos 17 e 174 da Lei 30/2007, terán a consideración de contratos subvencionados cando os mesmos sexan financiados de forma directa en máis dun 50 por 100 do seu presuposto pola Administración Xeral do Estado, pola Xunta ou polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e pertencen a algunha das seguintes categorías:

- a) Trátase dun contrato de obra o presuposto estimado da cal sexa igual ou superior a 5.278.000 € e teña por obxecto a construción xeral de

inmobles e obras de enxeñaría civil dos definidos no grupo 45.2 da Nomenclatura das Comunidades Europeas (NACE), ou a construción de hospitais, centros deportivos, recreativos ou de ocio, edificios escolares ou universitarios e edificios de uso administrativo.

- b) Trátase dun contrato de servizo vinculado a un contrato de obras dos contemplados na letra a) anterior, sempre que o seu presuposto estimado sexa igual ou superior a 211.000 €.

2. Os contratos subvencionados outorgados por XESTUR estarán suxeitos a regulación harmonizada nos termos da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público.

Artigo 35. Especialidades no procedemento de adxudicación de contratos subvencionados

28

1. Os anuncios de licitación deberán ser publicados, ademais de no "Boletín Oficial do Estado" e no perfil de contratante, no "Diario Oficial da Unión Europea".

O envío do anuncio ao "Diario Oficial da Unión Europea" precederá a calquera outra publicidade. Os anuncios que se publiquen no "Boletín Oficial do Estado" e no perfil de contratante indicarán a data de remisión ao "Diario Oficial da Unión Europea", contendo as mesmas indicacións.

2. A adxudicación dos contratos subvencionados por parte de XESTUR realizarase de conformidade cos artigos 122 a 174 da Lei 30/2007.